

---

# UNHA FELIZ CATÁSTROFE

Texto de **ADELA TURÍN**

Ilustracións de **NELLA BOSNIA**

Tradución de **G. TOLENTINO**

---

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 15 €.

**Unha feliz catástrofe** (galego)

ISBN 978-84-8464-888-8. Tras os montes.

**Una feliz catástrofe** (castelán)

ISBN 978-84-8464-887-1. Libros para soñar.

**Una catástrofe afortunada** (catalán)

ISBN 978-84-8464-889-5. Kalandraka.

**Zorioneko hondamendia** (euskera)

ISBN 978-84-7681-845-9. Kalandraka-Pamiela.

**Uma feliz catástrofe** (portugués)

ISBN 978-989-749-029-3. Livros para sonhar.

*Antes da catástrofe, a familia Rato vivía nun modesto tobo entre a cociña e o armario dunha luxosa casa, nun barrio elegante...*

A orde metódica e a monotonía marcan a vida desta familia, na que os roles están estritamente marcados: o señor Rato sae moi estresado do traballo e regresa onda a señora Rato, que ten a casa limpa e a cea preparada, e os seus fillos, que o agardan para escoitar con atención as súas historias. A catástrofe pono todo patas arriba: non só os deixa sen o seu fogar, senón que altera por completo as súas vidas.

Aquela nai e esposa “agarimosa, modesta e dócil” rescata con valentía a toda a prole, habilita da nada un novo tobo e, a partir de entón, os pequenos ratiños e ela mesma comezan a experimentar emocionantes aventuras e a desenvolver novas facetas.

Adela Turín e Nella Bosnia crearon esta fábula en 1975 para revisar o lugar que ocupa a figura feminina na familia e na sociedade. Case 40 anos despois, a súa historia segue vixente e resulta tan necesaria agora como entón. Un relato sobre coeducación e igualdade, con altas doses de humor e de diversión, consonte unhas ilustracións de moito colorido, con personaxes humanizados e ambientadas no eido doméstico, entre obxectos cotiás e utensilios de limpeza.

---

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---



- **Temática:** transformación dos roles familiares.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** coeducación, igualdade; contra os estereotipos sexistas; da autora e da ilustradora de “Artur e Clementina”, “Rosa caramelo” e “A historia dos bonobos con lentes” (Kalandraka).

## Adela Turín

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero dende a familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles», que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e promove a sensibilización do sector editorial, as institucións e o público. Na actualidade dedícase a ler, viaxar, escribir artigos e impartir conferencias.

## Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou Arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascete, onde coincidiu con Adela Turín, coa que fundou a colección de libros «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora ten colaborado con editoriais de Italia e Francia.

